


# FIADDEIRO



**BO NADAL 1997**

**COLEXIO PUBLICO DE BELUSO**

# ÍNDICE

SAÚDO

A CASTAÑA DORINDA

INFORMACIÓN DO COLEXIO

MÁMOAS

CONTOS:

A EXCURSIÓN

O CAN FANTÁSTICO

A ESTRELA LUMINOSA

A NUBE MÁXICA

OS MARIÑEIRO DO MEU POBO

O ACIVRO

OS REIS MAGOS



DOCES RECEITAS

POESÍAS


CANCIÓN

DEPORTES

PASATEMPOS




# SAÚDO



Nestas fermosas festas do **NADAL** sae á luz o noso primeiro **PERIÓDICO ESCOLAR** do curso 1997-98.

Aproveitamos para darlles a **BENVIDA** ó noso colexio ós novos mestres que chegaron por primeira vez e que son:



D. Manuel González Salgueiro  
 D. José Manuel Lodeiro Ferreiro  
 D<sup>a</sup>. Ana María Pousada Míguez  
 D<sup>a</sup>. María Jesús Aldao Pampín.

Desexámoslle que a súa estancia entre nós sexa agradable e que poidan traballar a gusto nas súas tarefas educativas.

Tamén queremos recordar a tódolos mestres que estiveron connosco no curso pasado e que foron destinados a outros centros, que son:

D<sup>a</sup>. Esperanza Rivadulla López  
 D<sup>a</sup>. María Jesús Bugallo López  
 D<sup>a</sup>. Águeda Ruibal Silva  
 D<sup>a</sup>. Antonia Ferradanes Piñeiro  
 D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Hermida.  
 D<sup>a</sup>. María Pilar Rodríguez Acevedo

¡A todos, **GRACIAS** polo voso traballo neste colexio!



Queremos tamén agradecer a tódolos veciños de Beluso pola axuda que nos están prestando na compra de rifas, quinielas, periódicos..., para levar a cabo a viaxe de fin de curso.

A todos: **PAIS, PROFESORES E ALUMNOS**, desexámosvos un

**¡BO NADAL E PRÓSPERO ANO 1998!**

# A CASTAÑA DORINDA

UN DIA UNS HOMES  
FORON VAREAR OS  
CASTIÑEIROS PARA  
COLLER AS CASTAÑAS  
TODAS CAIRON, MENOS  
DORINDA QUE QUEDOU NA  
ARBORE TODA CONTENTA.

PASARON UNS DIAS E FACIA MOITO  
FRIO.

- IAI QUE FRIO VAÍ AQUI -

DIXO DORINDA

DEPOIS VEU UN VENTO MOI FORTE

DORINDA TIÑA MOITO MEDO PORQUE A AR-  
BORE MOVÍASE MOITO

DARPO




O OURIZO REGAŃOU DE TODO EACASTA  
 NA CAEU Ó CHAN.

O VENTO FIZOSE MAIS FORTE E LEVOU  
 A DORINDA ARRASTRADA ENRE AS FOLLAS SECAS.

DE SUPE TO SINTEU UN RUIDO  
 COMO SE ALGUEN REMEXERA ENTRE  
 AS FOLLAS.

A DORINDA AXE XOU E DIXO:  
 ¡AI DIOS MIO UN PORCO BRAVO  
 COMO ME VEXA VAIME PAPAN

ANGEL



VINERON UNS RAPACES A COLLER  
 CASTAÑAS E MARCHOU O PORCO BRAVO.  
 UN NENO COLLEU A DORINDA  
 E METEUNA NO PETO. CANDO

TIVERON MOITAS CASTAÑAS QUITÁRO-  
 NAS DOS PETOS E METÉRONAS  
 N UNHA SAQUETIÑA.  
 DESPOIS, FÓRONSE TODOS A

FACER O MAGOSTO. BON, A  
 A CASTAÑA DORINDA XA NON  
 TIÑA FRIO ESTABA MOI QUEN  
 TIÑA.



¡ E COLORIN COLORADO  
ESTE CONTO XA REMA.  
TOU!

AUTORES:

EDUCACION INFANTIL

# INFORMACIÓN DO COLEXIO

No presente curso 1997-98 a **Directiva da A.P.A. do Colexio P. Beluso**, elexida na última Asemblea de Socios, quedou formada da seguinte maneira:

PRESIDENTA:	Cristina Ferradás González
VICEPRESIDENTA:	Elena Piedras Santos
TESOUREIRA:	Evelyne Barreiro Parra
SECRETARIA:	Rosa M <sup>a</sup> . Fernández Pastoriza
VOCALIS:	Manuela Piñeiro Otero
	Encarnación Porto Sánchez
	María Ruth García Pousa
	María Luz Regueira Pousada
	Mónica Sampedro Chamadoira
	María del Carmen Valladares Herbello
	Milagros Martínez Ferreira

## O CONSELLO ESCOLAR está formado por:

PRESIDENTE:	Rafael Alves Piñeiro
SECRETARIO:	Pedro Fernández González
XEFE DE ESTUDIOS:	Luis Pereira Alvarado
REPRESENTANTES DO PROFESORADO:	Manuel A. Alonso López
	Xosé Ramón Álvarez Calleja
	Servilio Buceta Santos
	Jesús A. Bugallo Varela
	Manuela Hermida Santiago
REPRESENTANTES DOS PAIS:	Mónica Sampedro Chamadoira
	Cristina Ferradás González
REPRESENTANTE DO CONCELLO:	Pedro Martínez Villanueva




## DÍAS NON LECTIVOS DO CURSO 1997-98



A Consellería de Educación, na súa Delegación Provincial de Pontevedra, fixou como **DÍAS NON LECTIVOS** para o presente curso escolar 1997-98 os seguintes:

- **Vacacións do Nadal:** desde o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro, ámbolos dous incluídos.
- **Entroido:** 23, 24 e 25 de febreiro.
- **Semana Santa:** desde o día 4 ata o 13 de abril, ámbolos dous incluídos.
- 27 de novembro, San Xosé de Calasanz, patrono dos mestres. (Este curso transládase ó **28 de novembro**).
- Os dous días de festa laborais **de carácter local** que elexiu o Consello Escolar e foron aprobados pola Delegación de Educación para o presente curso foron:
  - . 10 de novembro
  - . 20 de marzo


# MÁMOAS



Corte vertical



M-4



Corte horizontal (vista dende arriba)

Unha mámoa da Parxubeira.


As mámoas son ENTERRAMENTOS PREHISTÓRICOS ( de fai aproximadamente 4.000 ou 5.000 anos ) En Castelán Chámanse TÚMULOS. En Galicia teñen moitos nomes: Mámoa, medorra, medoña, ou meda.

Todos estes enterramentos teñen unha estrutura interior moi parecida, aínda que conserven algunhas diferencias. Estas diferencias atópanse sobre todo os arquólogos, cando se poñen a escavalas. A aparencia exterior é a dun outeiro coas ladeiras moi suaves, coma un montón de terra que se fose esvaendo pouco a pouco e se perdese no resto da natureza que o arrodea.

As mámoas ocupan un lugar destacado na nosa xeografía e non é raro que a moitas delas se lles mire de lonxe a súa fásquía recortada no horizon

te, sobre todo nas tardiñas, polo solpor.

No interior diferencianse un pouco máis: mesmo no centro dela cáseque sempre atopamos unhas lousas grandes arrimadas unhas contra as outras, formando unha cámara mortuoria,




que moitas veces estaba tapada por unha grande lousa, facendo o que lle chamamos un DOLMEN, ou cámara dolménica.

O redor desta cámara en xeral, facían círculos de pedras pequenas que lles servían probablemente para defende-la parte principal de posibles saqueos. Outras como as de Castiñeiras poden ter dobre círculo ou ser alongadas, como veremos despois.

OS DÓLMENES teñen en Galicia tamén moitos nomes, e todos eles fan referencia á súa forma de caixa de pedra grande: ARCA, ARQUETA, ARQUIÑA; - ANTA, ANTELA, ... etc. En realidade non

som máis ca a Cámara mortuoria central dun TÚMULO ou MÁMOA moito máis grande, que co tempo foi quedando ó descuberto. Moitos destes Dólmenes foron desfeitos polos mesmos paisanos, que empregaron as lousas para cerres ou construcións. Os que se conservan intactos, é debido sobre todo ás grandes dimensión das pedras, aínda que hoxe en día xa existe unha gran conciencia da súa importancia histórica.


Tanto os DÓLMENES aillados, coma os TÚMULOS ou MÁMOAS son considerados como MONUMENTOS MEGALÍTICOS (MEGA= GRANDE e LITOS = PEDRA). Outros monumentos megalíticos son os CÍRCULOS, os MENHIRES, as NAVETAS, etc. Todos eles están relacionados cos enterramentos, cca protección dos corpos e das ánimas dos difuntos, xa que en xeral todos estes pobos creían noutra vida despois da morte.



DOLMEN da "Casa da Moura". Barbanza.



DOLMEN  
DE  
AXEITOS



1. Dolmen, en Locmariaques (Bretaña)

riquezas construían estes enormes monumentos.

O Dolmen de Locmariaques, na Bretaña, é un destes exemplos.

Outras veces as construcións eran para toda a tribo, ou para a familia do xefe: así temos os grandes CÍRCULOS; que de seguro algún día tamén estiveron tapados con terra. Este ten forma de barco, pero outros son máis perfectos coma o de Stonehenge, o máis grande.



2. Doble cámara sepulcral, en la isla Moen

Para os máis ricos ou poderosos sempre houbo distincións: aquí xa vemos un enterramento ben feito, ben fortificado e con todo o luxo que se podía pedir: Unha gran Mámoa, que leva dentro o seu correspondente Dolmen ou Arca; e dentro unha furna ou ánfora.




4. Túmulo, en Wiskebarad (Halland, sur de Suecia)

VIDA DESPOIS DA MORTE.

A idea de que despois da morte está outra vida igual ou millor ca esta, levou ós pobos primitivos a enterrar ós seus mortos coas riquezas e enseres que posuían na terra. As veces tamén enterraban ós criados. Para protexer estas ánimas e estas



3. Cromlec en forma de barco, en Blomsholm (Bohuslän)



6. Vista superior del mismo

Algúns Túmulos ou Mámoas son dobles, é dicir, teñen dúas Cámaras mortuorias, coma este da illa de Moen.

Outras Cámaras non son circulares, senón alongadas e cunha cuberta toda seguida de pedra.

Sempre a mesma misión de enterrar un ou varios, e sempre ben protexidos.




10. Túmulo danés, con urna funeraria

As nosas MÁMOAS PARÉCENSE moito a esta Suecia: son alongadas (aínda que non tanto), - circulares, pero sempre ben tapadas e con beiras moi suaves. moitas delas tamén están cercadas con valos de pedras pequenas.

AS MÁMOAS DE CASTIÑEIRAS

Podémolas encadrar dentro dos Túmulos que vimos de explicar: teñen un pequeno dolmen no medio, como se ve na foto. Esta Cámara central está rodeada dun valo de pedras pequenas. Pénsase que poideran ser para toda a tribo e que nelas se enterraban tódolos individuos mortos.

Estaban todas cubertas de terra e maleza, aínda que se sabe certo que xa foran violadas.



Estas Mámoas de Castiñeiras son tres, aínda que sempre se pensou que era unha soa.

Son moi importantes, polo que nelas se atopou (máis de dous mil restos din os responsables que atoparon) Son as que están máis ó Leste e máis perto do mar d todo o Morrazo.

SON O MELLOR DESCUBREMENTO para todo o noso Concello. Son o mellos agasallo que nos deixaron os nosos devanceiros.

TODOS DEBEMOS COIDALAS:



Os alumnos do Colexio de Beluso fomos dos primeiros en ir visita-las nosas mámoas, cando estaban en plena escavación. E o arqueólogo que as dirixía foi moi amable e tivo unha gran paciencia ó explicarnos todo o seu entramado e a súa importancia.

Todos quedamos moi contentos de ter visitado un monumento tan antigo que se descubriu no noso pobo.

Santi, Elvira, M Carmen e Alejandro

2\* B da E.S.O.

Aquí o mapa de Galicia coas Mámoas e dólmenres máis importantes.

Agora hai que engadirlle  
CASTIÑEIRAS (Bueu)

## CONTO:

A EXCURSIÓN

Un día que fomos de excursión, o autobús caeu no fondo dun buraco moi fondo e cando nos demos conta..¡estabamos en Marte, prisioneiros dos marcianos!.

Alí pasamos varios meses ata que chegaron nunhas naves uns astronautas. Coa súa axuda os marcianos sotáronnos, pero quitáranlle o combustible ás naves e non podíamos volver. Entón, como alí non había case nada, empezamos a traballar pero cansaba moito e decidimos preguntarlle ós marcianos:

-¿Poderíades axudarnos?


-Estariamos agradecidos de axudarvos – contestaron eles.

-¿Tedes algunha ferramenta? – volvemos preguntar.

-Si, escondidas nun sitio que é moi difícil chegar.

-¿E por que as tedes escondidas?

-Porque as bruxas de Xúpiter róubanas.



Fomos roubar as ferramentas. Tivemos que pasar por unha selva con moitos animais. Despois baixar por un río coas augas moi turbulentas e, máis tarde, meterse por un labirinto que chegaba a unha cidade que estaba debaixo da terra.

Alí non vivía ninguén pero estaba moi ben coidada. Collemos as ferramentas e volvemos de novo para alí pero atopámonos coas bruxas de Xúpiter e tivemos que pelexar contra elas.


Cando marcharon, puxémonos a traballar pero empezou a caer gran cantidade de sarabia. Deixamos todo e corremos a abrigarnos, pero esquecemos as ferramentas. Entón un da nosa clase, chamado Antón, correu collelas, pero as bruxas collérono e

tirárono nun buraco que tiña fogo. Antón, nese momento, desmaiouse.

Todos corremos ata alí para ver se lle pasara algo grave e estaba no buraco atrapado. En pouco tempo sacámolo para fóra

Empezamos a facer cousas. Cando acabamos, os marcianos déronnos un combustible moi potente e puidemos chegar á Terra en dous días. Ó chegar á Terra non había ninguén. Entón fixemos unha festa por chegar todos sans e salvos.

A xente non aparecía, un día non, outro tampouco e nunca chegaban. Entón, fomos por todo o mundo, pero non había ninguén.



Despois diso, fomos outra vez a Marte co combustible que nos deran. Nada máis chegar, preguntámoslle ós marcianos:

-¿Sabedes por que desapareceu a xente?

-Nos non, pero os do planeta Mercurio saben moito.

-¿Pero poderán axudarnos?

-Non, non falan con humanos.

-Como non nos pode axudar ninguén, marchamos, pero se nos dades combustible que non temos.

-¡Vale!

Enseguida apareceron e marchamos axiña.

Cando chegamos xa estaba a xente e fixeron un campo de fútbol chamado "Delle Alpi", na nosa honra.

Adrián Pastoriza Fariña  
6º de Primaria.




## CONTO:


O CAN FANTÁSTICO

Había unha vez, nun lugar descoñecido, unha familia formada por Xosé e Celia, os pais de Rubén. O seu único fillo, Rubén, tiña nove anos. Era alto, loiro, gordo e tiña os ollos verdes. Tiña un can que era o que máis quería no mundo.

Un día, hai moito tempo, Rubén descubriu que o seu can non era un can como outro calquera, se non que era un can voador.



O can voaba sen rumbo e Rubén tiña os ollos pechados. O can voaba e voaba sen saber onde chegaría. Xa canso de voar, aterrou nun lugar moi grande que só había restos de árbores queimados.



Unha noite o can entrou na habitación de Rubén. Ía tranquilo pero subiuse, sen querer, no monopatín e foi andando nel ata que tropezou nun baúl que había xusto diante da ventana e por alí mesmo saíu disparado. Nese momento Rubén, que estaba mirando todo, subiuse ó baúl, mirou pola ventá e agarrouse á póla dunha árbore intentando baixar en busca do seu can, pero a póla rompeu e caeu, pero, cando ía chegar ó chan, apareceu o can e Rubén quedou enriba do seu lombo.

Rubén abriu os ollos decatándose de que o can xa aterrara e el tamén puido ver aquel monte cheo de árbores queimados. Entón foi correndo, monte arriba, para descubrir por que se queimaran e viu un home cunha estraña máquina ó lombo. Era unha máquina que producía lume.

O can, ó ver aquilo, saltou no home e mordeuno. Mentras tanto Rubén chamou á policía e detivérono.



Jorge Patiño Pérez  
6º de Primaria

## CONTTO:



A ESTRELA LUMINOSA

Había unha vez unha rapaza chamada Andrea e un rapaz chamado Xoán. Vivían nunha casa ó lado da praia. Un día Andrea foi ó mar a nadar. Ó pasar un bo anaco de tempo apareceu o seu irmán Xoán, e os dous viron unha luz abraiante de mil cores: azul, rosa, violeta, vermella, verde...

Foron ó fondo do mar e era unha estrela. Logo collérona e foron xogar á súa casa. Andrea ía cantando polo camiño: “atopei unha estrela de mil cores, de vermello, rosa...”.

Xoán íalle dicindo:

- Atopamos, eu tamén a atopei.



Pola noite foron para a cama e a estrela iluminaba todo o dormitorio.

Ó día seguinte, a nai díxolles:

-¡Pobre estrela, vai morrer!. Levala para o mar.

Andrea non quería pero, ó final, levouna.

Andrea quedou moi triste, pero convencérona e ía xunto dela tódolos días.

O pai fixolle un debuxo da estrela e Andrea púxoo no seu dormitorio.

Ó día seguinte, cando Andrea foi xunto á estrela, ¡non estaba!

-¿Qué pasaría? – preguntou Andrea.

Marcharía para outro lugar – dixo Xoán.

E puxéronse a buscala por tódalas rochas.

Ó anoitecer, Andrea deulle un bico á estrela, como de costume, pero... de súpeto, a estrela saíu do debuxo. Era coma a outra estrela. Tamén iluminaba toda a casa.

Andrea e Xoán decidiron poñerlle de nome “Esmeralda”, a das mil cores.



Griselda Pousa Soage.  
6º de Primaria.

## CONTO:

A NUBE MÁXICA

Hai xa moitos anos, un neno chamado Ánxo e súa irmá Sandra montaron nunha nube máxica. Todo comezou cando un día de brétema Ánxo, que tiña 11 anos, non era nin baixo nin alto, tiña o pelo curto e os ollos azuis, subiu coa súa irmá ó tellado da casa.

A súa irmá chamábase Sandra, tiña 12 anos, pelo longo e louro. Era moi atrevida.

Cando os dous estaban no tellado, Sandra díxolle a Ánxo:

-¿Qué che parece se subimos enriba desa nube?

-Paréceme ben.

-Á de tres, saltamos, ¿vale?

-Vale.

-¡Unha, dúas... tres!


No momento que dixeron tres, saltaron os dous. Cando tocaron a nube, esta empezou a elevarse. Ánxo mirou para abaixo e dixo:

-Sandra, estamos moi altos.

-Pero, ¿qué dis?, as nubes non suben e baixan cando lles da a gana.

-Pois esta si, senón mira o chan.

-Xa vou.



Sandra mirou para o chan e, sen dúbida, elevárase.

-¿E agora, Ánxo, qué facemos?

-Non sei, eu teño comida na mochila. Tamén teño papeis e bolígrafo cos que poderíamos escribir notas dicindo que estamos nas nubes.

-¿E quen nos creería?

-Non sei, o mellor...

-¡Ninguén, ó mellor ninguén.!

-Vamos comer.

Mentras comían, unha gaiyota que os estaba escoitando, estaba pensando como podería axudarlles e ocorréuselle unha boa idea e foi contarlla ás súas amigas.

Cando chegou a xunto delas, contoulles o que lle sucedera a Ánxo e a Sandra, e contoulles a idea que tivo para rescatalos, que era esta:

Tiña pensado coller unha saba da nai de Ánxo, levarlla a Ánxo e que eles, ó agarrala por cada punta e tirar, fixeran algo parecido a un paracaidas.

E así foi. As gaiyotas colleron unha saba, leváronlla a Ánxo e a Sandra e unha gaiyota díxolle o que tiñan que facer para que caíran ó chan despacio.

Ánxo e Sandra fixéronlle caso á gaiyota e ó chegar á casa os pais levaron unha gran sorpresa.

E desde aquel día Ánxo e Sandra votábanlle comida ás gaiyotas.

**Borja Piñeiro Mundín**

**6º de Primaria**


## OS MARIÑEIRO DO MEU POBO

No meu pobo hai uns mariñeiros dignos de querer, porque cando chove ou venta eles, molladiños, non se rinden a poder navegar.

Todos cheíños de frío van pescar. Collen rabalizas e van á rapeta para poderse alimentar.

As súas mulleres na casa, todas angustiosas e preocupadas polos seus amores mariñeiros que no mar están aillados.

Os rapaces que leades este periódico aconséllvos que non elixades o mar para traballar, senón que elixades a Terra para poder disfrutar.





**Silvia Martínez Canosa**  
**5º A de Primaria**

### COUSAS DE 5º A

1. Era un dicionario tan gordo, tan gordo, tan gordo... que un rapaz foi buscar palabras e non atopou ningunha.
2. Era un home tan pobre, tan pobre, tan pobre... que tiña a casa chea de cartos.
3. Era un peixe tan vago, tan vago, tan vago... que pasou toda a vida "nada que nada".
4. Era un rapaz coas orellas tan grandes, tan grandes, tan grandes... que non escoitaba os berros do profesor.
5. Era un dinosourio tan pequeno, tan pequeno, tan pequeno... que foi ó futuro e aínda non existía.
6. Era un mudo tan listo, tan listo, tan listo... que cando dormía sempre falaba.
7. Era unha señora tan gorda, tan gorda, tan gorda... que para adelgazar tiña que comer primeiro.
8. Era unha vaca tan vaixiña, tan vaixiña, tan vaixiña... que tiña que deitarse para amamantar ós seus fillos.
9. Era un dicionario tan bo, tan bo, tan bo... que non traía palabras.
10. Era un profesor tan bo, tan bo, tan bo en matemáticas... que non sabía os números.



**Alumnos de 5º A**



## O ACIVRO: UNHA ESPECIE EN PERIGO

Somos un grupo de nenas e nenos de 5º B moi preocupados pola conservación das especies da nosa terra.

Este ano, en Coñecemento do Medio, estudiamos unha especie vexetal que se chama **acivro**.

Polas súas características pareceunos interesante. Para saber máis del fomos buscando información no colexio, na biblioteca de Beluso, na biblioteca de Bueu e nas nosas casas. Estas son algunhas das moitas cousas que descubrimos:

Pódese chamar de moitas maneiras: acevro, xardo, acevo, acivo, etc.

O seu nome científico é *Ilex caquifolium*.

É un arbusto ou arboriña que pode medir desde 2 cm. ata 5 m., anque en algunhas zonas pode acadar ata 25 m. Ten tronco de casca agrisada e poliñas verdosas.

As follas son simples, perennes, de cor verde escura, brillante, xeralmente con espiñas nos ápices e na beira ondulada do limbo.

As flores forman pequenos acios.

Reprodúcense por sementes e multiplícase por estacas e inxertos.

O froito mide de 6 a 10 mm.; primeiro son verdes e despois vermellos e brillantes. Son venenosos. Florece na primavera e maduran os froitos no inverno seguinte.

O acivro vive en zonas altas ou de mediana altitude, cálidas no verán e frías no inverno, por iso é abundante no N. de Portugal, N. e E. de España e Francia.

A madeira é apreciada como madeira fina en ebanistería e torno; úsase tamén para os cadros brancos, como taboleiros de xadrez; tamén se tingue de negro para imitar as do ébano.



As follas teñen sabor amargo e foron noutro tempo usadas en medicina. Tamén son medicinais a cortiza e os froitos.

As poliñas con froitos empréganse tamén como adorno de Nadal o que pon en perigo a supervivencia da especie.

Na nosa comunidade existe unha normativa que prohibe recoller e vender pólas de acivos silvestres.

¡Non vos esquezades, **está prohibido coller o acivro!**

**David, Lorena, J. Otero, J. Reiriz, Nébeda, Pablo, Lloel, Ionatan. 5º B.**




OS REIS MAGOS

Érase unha vez unha nena moi avariciosa. Quería pedirlle tódolos xoguetes do mundo ós Reis Magos.



Pero os Reis, como viñan desde tan lonxe, non podían cargar con todo.

A algúns nenos parecíanlles moi mal porque eles tamén querían xoguetes.



Así, un día, os Reis decidiron ir a partes iguais. Entón a nena enterouse e enfadouse toda, e non quixo saber nada dos Reis.

O día do Nadal, cando chegaron os Reis, trouxéronlle moitos carbóns e a nena botouse a chorar.

Ó ano seguinte a nena portouse mellor e os Reis trouxéronlle moitos xoguetes.



**María Canosa Costas**  
**5º A de Primaria**

O KOALA MOI PRESUMIDO

Hoxe vai moito frío e déronme un koala moi pequeniño. O caso é que á saída do colexio foime esperar e dime Esmeralda, que é miña amiga:

- Pero... ¿é teu ese koala?.
- Pois claro que si.
- ¿Cómo se chama?.
- Chámase Pedriño, que é moi bonitiño.
- ¡Carai, que ben vestidoño vén!.
- Agora que o dis, non me fixara. ¡Que presumido!.
- Isto hai que solucionalo. Creo que a solución é dicirlle á nosa amiga a gaivota que lle diga unha cousa, como por exemplo: que aquí neste país o vestido de tódolos animais e koalas é a súa propia pel.

E nunca máis foi un koala tan presumido.



**Gloria González**  
**5º A de Primaria**

O LIXO NO MEU POBO

Antes tirabamos o lixo nos montes ou por calquera outro lado. Pero xa fai tempo todos estamos a colaborar para coidar o noso pobo e ter os montes e as rúas máis limpas. Fai tempo só tiñamos un contenedor para todo o lixo. Agora temos varios. Cada cor é para a súa cousa.

Por exemplo o que xa tiñamos é para o lixo e os demais son para materias reciclables. As de cor verde son para o vidro e os azuis para o papel. E tamén no noso colexio recóllense as pilas usadas.

E así todas estas cousas que reciclamos logo volvémoslas a usar. Por exemplo, no noso colexio usamos o papel reciclado.



**Estefanía Cordeiro**  
**5º A de Primaria**

# DOCES RECEITAS

## SOPAS DE NAVIDADES



Ingredientes:  
 1 litro de leite, outra de azeitona,  
 um pouco de canela, 4 pastilhas de  
 chocolate gorro, duas maçãs,  
 açúcar e pan.

Preparación:  
 Ferver os líquidos coas maçãs  
 cortadas e tamén o pan. Logo con-  
 tarlle o chocolate ralado, a  
 canela e remexer ben, comendo a  
 este desfeito engadindo o açúcar  
 a gusto.

## ÁRBORE NAVIDEÑA

Ingredientes:  
 6 ovos, 300 gr. de farinha, 400 gr. de a-  
 çúcar, ralladura de limón, un paci-  
 llo de leite quente, 2 pacillos de  
 aceite de sésamo, roial.

Preparación:  
 Tráballanse os claras a punto de  
 neve co açúcar, por outro lado  
 mesturamos as xemas co aceite,  
 xuntamos todo e engadimoslle  
 o roial, a ralladura e máis o leite,  
 remexemos ben e metémoslle  
 nun molde untado.  
 Unha vez cocido e frío córtase en  
 forma de árbore, adórnase con  
 açúcar glas e froitas escarichadas,  
 vermellas e verdes.



**A MIÑA ARBOLEDA**

Eu teño unha arboleda  
que cando hai vento a leva.  
Non se suxeita á terra  
aínda que lle botes pedras.

O día que hai moita vento  
a arboleda sae voando,  
non sei se saír buscala  
ou se deixala no campo.

O outro día fun buscala  
á casa da miña tía,  
case choca contra o muro  
e teño que ir xunto a María.

María é a veciña,  
ponlle tiritas ás plantas  
para curarlle as feridas,  
¡que bonitas son as plantas!

Cando hai sol, a miña amiga  
na arboleda move as pólas,  
eu quero xogar con ela,  
e ela déixame algo tola.

Eu teño unha arboleda  
que cando hai vento a leva.  
Non se suxeita á terra  
aínda que lle botes pedras.

**Raquel Novas Comedeiro**  
**6º de Primaria**

**OS MARIÑEIROS**

A casa do mariñeiro  
non é outra ca do mar,  
o mar, gran invernadoiro,  
é camiño de andar.

Marcha pola madrugada  
cō ventiño cōpañeiro,  
no comezo da xornada  
cō náufrago neboiro.

Co cigariño na boca  
comezan a traballar  
e xa non miran as rochas,  
xa están nō medio do mar.

O patrón para a fragata,  
comezan a traballar,  
e o día que está malo,  
esperta para solear.

Horas despois, a comer  
para coller moitas forzas.  
Empezan a recoller,  
xa se moven moito as dornas.

Arrancan o barco e marchan,  
marchan á lonxa a vendeia,  
vender a pesca que teñan  
cando chegue o peixe á terra.

Os escravos mariñeiros  
van polo mar adiante  
para gañar os diñeiros  
coa lúa en menguante.

Pobres homes e mulleres,  
¡que lonxe teñen que estar!,  
sen disfrutar dos praceres  
de fillos, esposas e nais.

Tanto tempo separados,  
tantos días, tantos meses,  
¡cantos homes esperados,  
e que ó final non veñen!

**Javier Otero Matilla.**  
**5º B de Primaria.**

**OS MARIÑEIROS**

Os mariñeiros traballan  
noite e día. Tamén  
sábados e domingos  
e ata o pasan ben.

Van ás sardiñas e ós chinchos  
tamén van ós calamares,  
ás fanecas e ós camaróns,  
enriba chove a mares.

Traballan días e días,  
ás veces non pescan nada,  
chegan moi cansos á casa,  
traen a roupa mollada.

As mulleres e os fillos  
esperan na beiramar,  
para cando chegan barcos  
axudar a descargar.

Cos peixiños na patela  
á praza van a vender:  
¡¡rinchas, xurelos, fanecas,  
tendes onde escoller!!.

Esta é a dura vida  
dos sufridos mariñeiros  
que van polo mundo adiante  
para gañar o diñeiro.

Aquí remata a historia  
dos mariñeiros sufridos,  
que traballan noite e día  
para manter ós seus fillos.

**Pablo Pastoriza Ríos**  
**5º B de Primaria.**





## O BOSQUE

O bosque é moi bonito e ten moitísimas flores, sempre está reluciente, e é de moitas cores.

As cores das flores brilan coa luz do sol que queima parece que lle cae a suor coma cando estás na leira.

A cor das bonitas árbores, é cor verde que reluce, compaxina coa herba que é a que máis luce.

Eu quero vivir no bosque, e xa sabes ti por que, fareille unha gran cama e un gran chan de parque.

Alí vivirei a gusto, sen berros e sen pelears, ás veces irei á praia a sentarme nas bateas.

Coa caída do sol, volverei para o bosque, tumbareime na gran cama e farei o mesmo ca onte.

**Ana M<sup>a</sup>. Pousada García**  
6º de Primaria.

## O VENTO

Nunha mañá calorosa, esperta o vento frioleiro, vén do cume das montañas para coller o sendeiro.

Mentras vai polo camiño esperta todo o que encontra: flores, follas e arbustos, e, incluso, coles que encontra.

Cando chega á cidade mira coches e camións, edificios, rañaceos, e gran contaminación.

Todo o lixo polas rúas, o contenedor no chan, todo cheira que apesta e no barrio comen pan.

O vento márchase xa, o vento vaise de alí. Corre rápido, moi rápido, para das rúas fuxir.

Xa empeza a anoitecer, o vento vai para o mar, vai cansado e contento para dormirse no mar.

**Borja Piñeiro Mundín**  
6º de Primaria



## UN DÍA DE MARIÑEIRO

Os mariñeiros despertan moi cedo para pescar. vístense, comen algo e... ¡listos para traballar!

Chegan á praia á mañá. Teñen fame, teñen frío..., pero collen o seu barco e márchanse para Hío.

Pescan sardiñas, fanecas, xurelos, xardas e máis. Collen moitos peixes, pero aínda hai para os demais.

Ás doce chegan á praia, cansos de tanto pescar. Sempre se animan un pouco cando hai con quen falar.

Á unha van para a casa despedíndose do mar, anque saben que á noite xa o volverán mirar.

**Nébeda Piñeiro Barros**  
5º B de Primaria.

## A CONTAMINACIÓN

Se isto segue así non podremos respirar, pois coa contaminación nada sobrevivirá.


Se botas a reciclar o vidro e o papel, non teremos tanto lixo ¿a que iso está ben?.

Desprázate en bicicleta e non contaminarás, farás algún exercicio e a terra sorrirá.

Non deixes cousas que ardan encendidas no teu bosque, pois as árbores arderán e non quedará monte.

As cousas que hai na terra pódelas aproveitar, pois son cousas moi fermosas que tés diante do teu lar.

**Noemí Ignacio Costa**  
6º de Primaria



## O MAR

Pensa en todo o que hai no mar e temos que coidar. Pensa nos peixes que queren ter o seu propio fogar.

Pensa nas baleas que as debemos protexer Porque queren vivir, e elas soas ir morrer.

Pensa nos tiburóns que non queren que os matemos, porque eles son felices e nós temos que quereolos.

Pensa nos golfiños, que son moi bos e moi cariñosos. Pensa que queren comer e non quedarse nos ósos.

Pensa nos residuos tóxicos que contaminan o mar. Pensa que hai que quitarlos, ou non xogaremos máis.

Pensa nalgúns petroleiros que botan petróleo fóra. Pensa no que contaminan, que fai que os peixiños morran.

**Borja Martínez Vidal**  
6º de Primaria

## O BARCO

Eu mirei pola ventá e vin polo mar un barco que tiña algo colgado, era un precioso marco.

Dentro del había un cadro, sete barcos debuxados, catro deles amarelos e outros catro dourados.

O barco ía navegando por esa auga do mar, esa auga cristalina onde eu ía nadar.


Facía moita calor, quería ir a nadar, pero eu ben o sabía, que non me ían deixar.

Entón funme ó balcón e o barco fun mirar, era branco e vermello, nel quería navegar.

Seguín mirando o barco, as redes sacou do mar, moitos peixes ían nelas, peixes os que ían matar.

O barco ía ó peirao e alí ía atracar. Entre tanto, meus amigos viñéronme a buscar.

**Jorge Patiño Pérez**  
6º de Primaria



**O MAR**

Asómome pola ventá  
e podo ver ese mar,  
ese mar tan cariñoso  
que vexo pola mañá.

E vexo ós mariñeiros  
nas súas pequenas dornas,  
sempre pescando e pescando,  
pescando atún e anchoas.

E eu tamén podo ver,  
pegado ó horizonte,  
ese sol tan deslumbrante  
que amén puiden ver onte.

Asómome pola ventá  
e podo ver ese mar,  
ese mar tan cariñoso,  
que vexo pola mañá.

E eu tamén podo ver  
os mariñeiros chegar,  
as gamelas no peirao,  
e a eles traballar.

Moitísimas veces penso:  
¿que é o que vai pasar  
cando teña que marchar  
e todo isto deixar?.

Asómome pola ventá,  
e podo ver ese mar,  
ese mar tan cariñoso  
que vexo pola mañá.

E eu seguireino vendo  
e el tamén me verá  
cos seus invisibles ollos  
ata eu ter que marchar.

**Laura Sotelo Estévez**  
**6º de Primaria**

**O MONTE**

O meu monte é moi grande,  
os paxaros van comer  
e os coellos tan pillíns  
queren comer e beber.

Pero un día que fun,  
todo empezaba a arder  
e os bombeiros nos coches  
xa viñeron a correr.

E, como chegaron tarde,  
todo ardeu, nada quedou,  
nin sequera un verderolo,  
nin tampouco unha flor.

Entón viñeron homes de  
tódolos lados a plantar  
árboles e a soltar  
moitos animais de voar.

Ó chegar a primavera  
todo volveu florecer,  
os paxariños cantan  
contentos ó amanecer.

O monte volve estar  
con árboles que dan sombra,  
e os esquíos brincan e  
saltan de póla en póla.

**Adrián Pastoriza Fariña**  
**6º de Primaria**

**O RÍO COS SEUS  
PEIXES**

Nace na alta montaña,  
percorre pobos enteiros,  
os animais beben del  
cando via ó lado do eido.

Os peixes nadan nel como  
patos acabados de nacer,  
xogan e xogan todo o día  
e despois queren comer.


Nadan arriba e abaixo  
e non se cansan nunca  
a súa nai vai buscalos  
para mandalos á cama.

Os peixes non queren ir  
bótanse a chorar, a nai  
déixaos espertos un pouco  
ata que chegue o seu pai.

Cando seu pai chega canso  
de traballar, os peixes ían  
dormir para descansar,  
que mañá é outro día.

Ó segundo día os peixes  
comezan máis aventuras,  
cámbianse do río ó mar  
para augas máis profundas.

**Jennifer González Dios**  
**6º de Primaria**





A música e a letra desta canción foi inventada polos alumnos de 6º curso de Primaria.



" TODOS ALÁ "

MÚSICA E LETRA:  
6º de Primaria



A) Xa estamos na Navidad,  
todos xuntos preto do mar.  
Moitos peixes sábenno xa:  
con nós queren ir adorar.

E naceu un neno en Belén,  
un palleiro tivo por lar.  
Os pastores fixeron pan  
e leváronllo á súa nai.

As rapazas apañan a palla,  
as rapazas fan os pañais,  
as mulleres lévanlle lá,  
e os homes van a cantar.



B) REFRÁN :


Onde está o noso ben,  
temos que ir todos alá,  
a Belén a xunto del,  
vou cantando sen parar.



Alumnos de 6º.

# PASA TEMPOS

## COLOREA FIXÁNDOTE NA CLAVE:



**CLAVE PARA COLOREAR:**


- Palabras coa sílaba «BU»: amarelo.
- Palabras coa terminación «ABA»: vermello.
- Palabras coa sílaba «BUS»: verde
- Palabras coa sílaba «BUR»: azul.
- Palabras co grupo «BR»: castaño.

## ADIVIÑAS:


«Ten lombo e non anda,  
follas ten e non é planta,  
sabe moito e nada fala».

«Unha nai con catro fillas.  
Tres báñaas no mar  
e a outra báña no río».

## XEROGLÍFICOS




¿A onde fuches de excursión?



PROVINCIA

## ASPOGRAMA

Empeza pola letra que che damos e sigue o sentido das agullas do reloxo.



1. Comarca vitivinícola da provincia de Ourense.
2. Vila da Mariña luguesa, lindante con Asturias.
3. Capital da terra de Bergantiños.
4. Os que viven en vilas e cidades.
5. Enlazan, comunican aldeas, vilas e cidades. Por elas circulan os coches.

## BARULLO DE LETRAS

E	X	T	R	E	M	A	D	U	R	A
A	A	T	S	O	A	R	I	N	A	N
E	X	U	A	A	D	A	M	I	Ñ	D
P	O	L	I	Ñ	O	G	M	I	Ñ	A
G	I	S	R	O	L	O	R	I	O	L
A	R	R	A	V	A	N	A	N	O	U
L	I	O	N	A	L	R	T	E	S	C
I	S	M	A	D	R	I	D	E	L	I
C	I	O	C	A	T	A	L	U	Ñ	A
I	S	P	A	T	U	L	E	R	Q	A
A	I	R	B	A	T	N	A	C	T	P

Poderás atopa-lo nome de dez comunidades autónomas de España.



# DEPORTES

## FUTBITO NENOS

3º E 4º	5º E 6º	E.S.O.
3º - 4ºA 4ºA - 4ºB 4ºB - 3º 4ºA - 3º 4ºB - 4ºA 3º - 4ºB	5ºA - 5ºB 5ºB - 6º 6º - 5ºA 5ºB - 5ºA 6º - 5ºB 5ºA - 6º	1º - 2ºA 2ºB - 1º 2ºA - 2ºB 2ºA - 1º 1º - 2ºB 2ºB - 2ºA
LUNS E MARTES	MERCORES XOVES	VENRES

PTOS	1	2	3	4	5	6	7	8
3º								
4ºA								
4ºB								
5ºA								
5ºB								
6º								
1º ESO								
2ºA ESO								
2ºB ESO								

## FUTBITO NENAS

3º E 4º	5º E 6º	E.S.O.
3ºA/4ºB - 4ºA	5º - 6º	1º - 2º
4ºA - 3ºA/4ºB	6º - 5º	2º - 1º
LUNS E MARTES	MERCORES XOVES	VENRES

PTOS	1	2	3	4	5	6	7	8
3ºA/4ºB								
4ºA								
5º								
6º								
1º ESO								
2º ESO								

## BALONMAN NENOS

CUARTO	QUINTO E SEXTO	E.S.O.
4ºA-4ºB 3-2	5ºA-5ºB 4-7	1º-2ºA 7-8
4ºB-4ºA	5ºB-6º 6-0	2ºA-2ºB 6-9
	6º-5ºA 3-4	2ºB-1º 11-7
	5ºB-5ºA 4-2	2ºA-1º
	6º-5ºB 1-12	2ºB-2ºA
	5ºA-6º	1º-2ºB
LUNS	MARTES E MERCORES	XOVES E VENRES

PTOS	1	2	3	4	5	6	7	8
4ºA	X	X						
4ºB								
5ºA	X	X						
5ºB	X	X	X	X	X	X	X	X
6º								
1º ESO								
2ºA ESO	X	X						
2ºB ESO	X	X	X	X				

## BALONMAN NENAS

TERCERO E CUARTO	QUINTO E SEXTO	E.S.O.
3ºA-B/4ºA-B 0-4	5ºB-6º 4-7	1º ESO-2º ESO 4-3
4ºA-B/3ºA-B 4-2	6º-5ºA 3-4	2º ESO-1º ESO 2-6
	5ºB-5ºA 4-7	
	6º-5ºB 5-3	
	5ºA-6º 6-6	
	5ºA-5ºB 2-3	
	5ºA 6-6º 3	
LUNS	MARTES E MERCORES	XOVES E VENRES

PTOS	1	2	3	4	5	6	7	8
3ºA-B								
4ºA-B	X	X	X	X				
5ºA	X	X	X	X	X	X	X	X
6º	X	X	X	X	X			
5ºB	X	X						
1º ESO	X	X	X	X				
2º ESO								



